



POLAS FERVENZAS DE CARBALLO

Club de Montaña O Carroucho

13 de Febreiro de 2016

A ruta comeza no lugar de A Brea, para, de seguido, descender e cruzar o río de Rosende. A continuación comeza unha pequena ascensión ata Carracedo, para introducirse o carreiro nunha zona de bosque, ata chegar á primeira derivación da ruta, que levará o carreiro ata a aldea de Vivente, onde se encontra a Capela de Nosa Sra. dos Remedios.

O carreiro dirixese agora á aldea de A Pena. Desde aquí comeza unha leve ascensión que levará ao cruce do Coto do Castro, onde sae a segunda derivación que leva ao Coto do Castro, un castro aínda sen escavar, pero no que se poden observar os muros defensivos e a forma do castro. O camiño descende cara a unha estrada, e desde alí pódese chegar ao Pazo de Vilar de Francos.



Retornando ao carreiro principal, comeza o descenso ata chegar á variante da Peniqueira. Seguidamente, e entre bosques, chégase á estrada de Ramil, onde se encontra a terceira derivación que vai ata a Fervenza de Ramil. É unha boa opción e ben vale a pena a súa visita.

Voltando de novo á ruta, o camiño ascende e cruza o Rego da Férveda. Pouco a pouco vai gañando altura e chega ata o lugar de A Férveda, desde alí descenderá de novo ao rego onde se encontran, ao carón do carreiro, o muíño e a fonte das Varelas. A ruta segue por bosques de piñeiros e chega ás inmediacións de Casal de Perros, onde unha frecha indica a presenza da Igrexa de Santa María de Rus, construída entre os séculos

Datos Básicos

Comezo: Brea
 Remate: San Paio
 Distancia lineal: 24 km.
 Duración aprox.: 7 horas
 Dificultade: Baixa-Media
 Altura máxima: 363 m
 Altura mínima: 118 m
 Acumul.: ↗1000 m / ↘904 m

XVII e XVIII.


De novo no carreiro, crúzase o rego por uns pasos de pedras, e de novo volta ao bosque. Agora o carreiro lévanos á aldea de Pazos, para chegar a Entrecruces, terra de cesteiros. Alí pódese contemplar o cruceiro e a Igrexa de S. Xens de Entrecruces, do século XVIII.

O roteiro continúa polos lugares de A Altiboa, Outeiriños, A Charrúa e A Redonda, onde comeza un ascenso para introducirse no monte de Merele, para descender de novo e atravesar ao lugar de Férveda, onde se cruza o Río de Outón pola Ponte Grande.



Aos poucos metros, o roteiro chega á cuarta derivación que levará ao viaxeiro ata a Fervenza de Entrecruces, a máis importante da comarca. Nas proximidades da fervenza aínda poden verse os restos de

antigos muíños de auga e, incluso, dunha pequena central hidroeléctrica que abasteceu ao concello tempo atrás. E, por fin, chégase a contemplar un dos espectáculos máis fermosos, o abondoso caudal do río Outón que se precipita dende unha altura de máis de corenta metros. Voltando ao carreiro chégase ao cruceiro e a capela de San Paio de Entrecruces. Ao carón da capela encóntrase unha área recreativa, sendo este o lugar onde remata a ruta.



Próxima cita:
12 Marzo
Ribadeo-Benquerencia



O Carroucho
www.carroucho.org